



**Nº EXPEDIENTE:2024/SUBDIREC/000024**

**ASUNTO: OUTORGAMENTO DUNHA ACHEGA ECONÓMICA A ENTIDADE FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE DA LOITA OLÍMPICA NO CONCELLO DE PONTEVEDRA A TRAVÉS DO APOIO Á ORGANIZACIÓN DO CAMPIONATO DO MUNDO U20.**

### **RESOLUCIÓN APROBACIÓN SUBVENCIÓN E CONVENIO**

Examinado o expediente tramitado para conceder a subvención directa que se sinala no asunto, resultan acreditados os seguintes:

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

1.- O Federación Galega de Loita e D.A. (NIF G36651081) presentou escrito con número de rexistro 2024031521 no que solicita unha axuda económica total de cento cincuenta mil euros (150.000,00 €) con motivo da organización do Campionato do Mundo U20 de Loitas Olímpicas.

2.- Á vista da solicitude que formula a entidade interesada, a Concelleira de promoción da igualdade, do benestar, da saúde e da economía emite unha memoria xustificativa na que dispón, entre outros extremos, o inicio do expediente de outorgamento da subvención solicitada, tendo en conta que no Orzamento Xeral do Concello para o ano 2024 existe unha partida para tal fin.

3.- A subvención obxecto do expediente figura prevista co número de ficha con número de orde 024 dentro da area de competencia de deportes do Anexo I da actualización do PES para o ano 2024 (aprobada a través do Decreto de Alcaldía do 22/08/2024), pertencente ao Plan estratéxico de Subvencións do Concello de Pontevedra para os exercicios 2023-2025 e publicado no apartado de transparencia da sede electrónica do Concello de Pontevedra.

4.- Incorpórase ao expediente informe económico sobre estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e informe proposta de aprobación da subvención directa, ambos asinados pola dirección do servizo de deportes.

5.- Consta no expediente informe da Asesoría Xurídica Municipal de data 03.09.2024.

7.- A Intervención Xeral, con data 12.09.2024, emitiu informe de fiscalización previa limitada de conformidade co disposto no artigo 214 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo que aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), así como no artigo 58 do Regulamento orgánico do goberno e da administración do Concello de Pontevedra, e Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

#### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:**

1.- O artigo 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local establece que o municipio, exercerá en todo caso competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, na materia obxecto da subvención, o que xustifica a utilidade pública e interese social na concesión da axuda.

2.- O artigo 3 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontevedra dispón que son subvencións as disposicións dinerarias realizadas polo concello para o desenvolvemento de proxectos, accións ou condutas que teñan por obxecto o fomento dunha actividade de titularidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.





3.- O artigo 22.2 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, establece que poderán concederse subvencións de forma directa cando estas estivesen previstas nominativamente nos orzamentos dos entes públicos.

4.- O Federación Galega de Loita e D.A. acredita no expediente que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Facenda Municipal, coa ATRIGA, coa AEAT, e coa TXSS, e figura no expediente a documentación xustificativa destes extremos. Ademais, segundo os datos dos que dispón o Servizo a entidade no se atopa incurso en ningunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2. da LXS, e cumpre coas bases que regulan este procedemento, co Regulamento Municipal de Subvencións e coa a Lei Xeral de Subvencións.

5.- O evento deportivo para o que solicita a axuda é unha proba de grande interese público e social, polo elevado número de participantes e espectadores, polo nivel deportivo da proba, así como pola promoción do deporte de base, do turismo e da economía do noso municipio. Deste xeito, a celebración do evento de carácter internacional na cidade de Pontevedra suporá, por un lado, a posta en valor da actividade física e deportiva e, por outro, o fomento e a difusión da cidade como promotora de competicións dun destacado nivel deportivo, promovendo a súa imaxe e a súa oferta cultural, turística, comercial e deportiva. A importante repercusión e difusión da proba e o elevado número de participantes e espectadores que se achegan á cidade, fan que a actividade teña un importante retorno económico para a veciñanza, promovendo a promoción da imaxe de Pontevedra como escenario dunha proba deportiva de alto nivel.

De conformidade co anterior, esta Administración considera de interese o outorgamento dunha axuda económica, por importe máximo de 150.000,00 €, con motivo da organización do "Campionato do mundo U20 de loitas Olímpicas. A relevancia da actividade deportiva sinalada, así como as anteditas razóns de promoción do deporte, especialmente o deporte de base, e da difusión da imaxe da cidade xustifican a excepcionalidade esixida pola Ordenanza de subvencións do Concello en canto á porcentaxe da subvención a outorgar, propoñéndose que esta poida alcanzar ata o 100% do custe da actividade.

6.- A competencia para a concesión de subvención directa co carácter de nominativa corresponde á Alcaldía, en función do establecido no artigo 36.3 da Ordenanza xeral de subvencións, no artigo 124.4.n) da Lei 7/1985 e no artigo 13.2.n) do Regulamento orgánico do goberno e da administración municipal. A dita competencia delegouse por decreto da Alcaldía de data 11.01.2024 nos/as concelleiros/as de goberno delegados/as de área segundo o seu ámbito funcional, en concreto no caso que nos ocupa, na concelleira de promoción da igualdade, do benestar, da saúde e da economía.

Pola súa banda, a sinatura do convenio corresponderá ao Alcalde, ao abeiro do artigo 124.1 e 4.ñ) da Lei 7/1985, que lle atribúe a máxima representación do municipio e a chamada competencia residual.

Consonte cos fundamentos xurídicos expostos, unha vez informada a existencia de crédito pola Oficina de xestión presupuestaria e contabilidade e informado o expediente de conformidade pola Intervención Xeral municipal,

#### ACORDA:

**Primeiro.-** Aprobar a concesión da subvención prevista nominativamente nos orzamentos municipais, á, Federación Galega de Loita e D.A. (NIF G36651081), para apoiar a organización do Campionato do Mundo U20 de Loitas Olímpicas e por importe de cento cincuenta mil euros (150.000,00 €), nos termos previstos na memoria da Concelleira da área de promoción da igualdade, do benestar, da saúde e da economía e no convenio regulador da axuda.

A achega económica financiará como máximo o 100% do importe do gasto total do programa subvencionado, co límite de 150.000,00 euros, en base ás especiais razóns de interese público e social motivadas no expediente.

**Segundo:** Aprobar o gasto polo importe e con cargo á aplicación orzamentaria e operación do exercicio vixente que se indica:

Aplicación	Operación núm.	Importe
------------	----------------	---------





2024.05.3410.489.22	12024000039186	150.000,00 €
<b>Total</b>		150.000,00 €

**Terceiro.-** Aprobar o texto de convenio regulador da subvención redactado por este servizo xestor que se incorpora ao expediente como anexo a presente resolución con CSV HPA4J4867842PPFZ .

Así o manda e asina a concelleira da concelleira de promoción da igualdade, do benestar, da saúde e da economía e da fe do acto o Secretario da Administración Municipal.

Pontevedra, na data que consta na sinatura electrónica

